

PLAN DIXITAL

CURSO 2024-2025



IES do MILLADOIRO

Plan Dixital

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15032807	IES do Milladoiro	Ames	2024/2025	Plan pechado-seguemento

1. Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2024/2025
Curso fin	2024/2025
Data de actualización	23/10/24
Data aprobación consello	
Data aprobación claustro	

2. Introducción

O IES do Milladoiro é o único centro de ensino secundario do principal núcleo de poboación do Concello de Ames. Situado na parroquia de Biduido, O Milladoiro está enclavado na área metropolitana de Santiago de Compostela, ascendendo a súa poboación actual a 13.348 habitantes. Esta localidade está marcada polo rápido desenvolvemento urbano e crecemento experimentado na década de 1980, a raíz da consolidación de Santiago de Compostela como capital autonómica. O IES do Milladoiro é un centro creado no curso 2013/2014. O nivel sociocultural das familias do noso alumnado é extremadamente variado. A porcentaxe de alumnado estranxeiro é significativa e a súa procedencia moi dispar (actualmente conviven máis de 20 nacionalidades no centro). Tamén hai unha considerable presenza de alumnado de etnia xitana.

O noso centro tamén se caracteriza pola continuada incorporación de alumnado ao longo do curso, xeralmente procedente doutros países, chegando nalgúns casos a producirse incluso durante a 3ª avaliación (Plan de Acollida). O alumnado non deixou de aumentar durante estes anos como reflexo do aumento poboacional da localidade e do concello de Ames, contando no curso actual 2024-2025 cun total de alumnado de 529. O centro conta con 4 grupos de 1º ESO (83), 4 grupos de 2º ESO (120), 4 grupos de 3º ESO e un PDC (95), 4 grupos de 4º ESO e un PDC (90), 3 grupos de 1º de Bacharelato (75) e 2 de 2º de Bacharelato (66).

No presente curso estamos traballando nun proceso de reconstrución do noso centro, estruturado en varias fases, nas cales fixamos uns obxectivos comúns para a mellora da atención aos diversos sectores da comunidade educativa. Estamos a realizar un traballo de sensibilización co profesorado para participar e promover proxectos educativos que axuden a construír un proxecto educativo de centro baseado nun contedor intercultural co lema: SOMOS DIFERENTES... SOMOS REFERENTES!!!

Dito proceso precisa dunha serie de actuacións conxuntas que requiren mudar sinerxias adquiridas e trazar unha nova folla de ruta para a mellora do proceso ensino-aprendizaxe. Para isto precisamos tecer pontes de comunicación efectivas e afectivas que redunden na mellora da convivencia positiva de todas as persoas que formamos parte desta comunidade. Así pois, é preciso tomar consciencia colectiva da importancia da mudanza que pretendemos crear e a importancia de cada unha de nós en dito cambio.

O obxectivo final é sempre mellorar a atención educativa do alumnado coa complicidade e acompañamento das familias, do persoal non docente, profesorado... e construír un centro educativo aberto e respectuoso.

Así pois, partindo da idiosincrasia do Milladoiro, propónse traballar nas seguintes liñas co profesorado implicado: PFPP (2 seminarios, 1 grupo de traballo e un curso), PROA+, Biblioteca (Clubs de Lectura, Radio na Biblio, Bibliotecas Solidarias...), Club de Ciencias, Spring Week, Erasmus+, Acreditación Portuguê, PIE, Innova-Lab, Selo Vida Saudábel, Convenios

Agareso-Igaxes-Secretariado Xitano, Rede do Milladoiro, Equipos de Traballo co alumnado Comité de Igualdade, Equipo de Normalización Lingüística, Equipos de Axuda, Voluntariado Biblioteca, Equipo de Radio, Clubs de Lectura, Xadrez... O deseño do Plan Dixital de Centro recolle as principais ideas, determina as prioridades e establece os niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) que marcarán o plan de traballo do centro escolar no seu proceso de cambio e mellora. Así mesmo, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global que desde a súa responsabilidade pode achegar (na fase de deseño), como pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderados distribuídos que permitan o cambio atendendo a principios democráticos (na fase de implementación). O Plan Dixital de Centro debería permitir á comunidade educativa:

- Visualizar onde quere que chegue o centro.
- Entender onde está actualmente.
- Trazar o camiño que leve dun estado ao outro

Neste proceso de elaboración do plan dixital para este ano, o centro conta cun grupo de traballo de 3 integrantes: o director, a vicedirectora e o coordinador TIC Para a elaboración do plan dixital realizaremos unha reunión mensual (ou máis, en caso de ser necesario) coa fin de deseñar e facer o seguimento de dito plan e comprobar se está adaptado a realidade do centro.

Para coñecer onde se atopa o centro utilizáronse as ferramentas

- SELFIE (siglas que en inglés significan «auto-reflexión sobre unha aprendizaxe efectiva mediante o fomento da innovación a través de tecnoloxías educativas innovadoras»), é unha ferramenta en liña gratuíta que pretende axudar aos centros escolares a exporse como utilizan as tecnoloxías dixitais para lograr unha aprendizaxe efectiva e innovadora
- Test CDD (competencia dixital docente) que pretende coñecer o nivel competencial dos docentes do centro

3. Contexto DAFO

3.1. Instrumentos de recollida de información previa

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro fixo unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

3.2. Análise interna

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Debilidade	Pouco recoñecemento do traballo realizado polo profesorado. Alumnado moi diverso en canto a coñecementos e competencias dixitais.	Alumnado	Si
Debilidade	Non todas as familias dispoñen de medios tecnolóxicos nin de coñecementos para utilizar os recursos TIC	Familias	Si
Debilidade	Non ter acceso a wifi en todas as aulas para poder usar as tabletas dixitais. Conexión a internet pouco fiable e/ou lenta. Dispositivos tecnolóxicos insuficientes para todo o alumnado. O son falla moitas veces e a calibración dos EDI é cada vez máis difícil debido a que co tempo vanse detriorando.	Infraestruturas	Si
Debilidade	Inexistencia dunha estratexia dixital clara. Presuposto extremadamente escaso para afrontar un plan dixital serio e real	Organización de centro	Si
Debilidade	Plan de formación interno sobre as TIC (relacionadas coas necesidades do centro) inexistente. Pouca participación e interese, a nivel de equipo coordinado, nos temas relacionados coas TIC. Porcentaxe importante de profesorado próximo a xubilación. ou en expectativa de destino. Exceso de confianza nas propias competencias dixitais	Persoal docente	Si
Debilidade	Persoal non estable	Persoal non docente	Si
Fortaleza	O alumnado actual naceu na era dixital, co que ten unha clara predisposición cara as tecnoloxías da información e a comunicación.	Alumnado	Si
Fortaleza	Existencia de PC ou portátiles para uso do profesorado en todas as aulas e, en gran parte delas dispoñen tamén de EDI. Centro novo, polo cal as instalacións deberían ser modernas. Dúas aulas de informática.	Infraestruturas	Si
Fortaleza	Conexión a internet por cable en todas as aulas.	Organización de centro	Si
Fortaleza	Contar con profesorado que participou co alumnado en aprendizaxe cooperativo. Profesorado consciente das súas limitacións dixitais e con ganas de aprender. Gran parte do profesorado é consciente de que o ensino actual non pode dissociarse do mundo dixital.	Persoal docente	Si
Fortaleza	Persoal con coñecementos básicos/medios en TIC	Persoal non docente	Si

3.3. Análise externa

DAFO	Descrición	Categoría	Obx.
Ameaza	A Consellería de educación non facilita os recursos hardware necesarios para aplicar o que pide con respecto as TIC. Exceso de traballo para o profesorado debido a elevada ratio de alumnado, a burocratización en todos os aspectos da educación e a necesaria actualización da nosa competencia dixital docente.	Administración educativa	Si
Ameaza	As leis educativas cambian constantemente e non ten visos de que isto cambie.	Lexislación	Non
Oportunidade	Convocatoria edixgal e polos creativos.	Administración educativa	Si
Oportunidade	Disposta a colaborar co centro e aportar ideas	ANPA	Si
Oportunidade	O instituto consta con páxina web (Drupal), aula virtual (Moodle), galería de imaxes (Coppermine), portafolio dixital (Agueiro) e sistemas de comunicación coas familias (Abalar). No Milladoiro estanse a instalar empresas punteiras no sector informático que poderían chegar a interactuar co centro	Contorna	Si

4. Obxectivos

4.1. Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
01PD	Establecer un equipo de traballo para a elaboración, xestión e seguimento do plan dixital do centro
02PD	Colaborar con entidades externas ao centro sobre o adecuado uso das TIC
03PD	Actualizar os recursos dixitais do centro
04PD	Establecer un plan de traballo e formación colaborativo relacionado cos Polos Creativos e os recursos TIC que envíen
05PD	Potenciar o uso de ferramentas dixitais corporativas para a práctica docente
06PD	Crear un proxecto interdisciplinar: Club de ciencia
07PD	Utilizar as ferramentas de avaliación dixital por parte do profesorado
08PD	Mellora da competencia dixital do alumnado
09PD	Impulsar a realización de actividades complementarias e extraescolares de actividades vinculadas ao uso responsable das TIC

4.2. Datos do obxectivo 01PD

Código	Estado
01PD	Pendente

4.2.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Organización de centro - Inexistencia dunha estratexia dixital clara.

Presuposto extremadamente escaso para afrontar un plan dixital serio e real

Debilidade - Persoal docente - Plan de formación interno sobre as TIC (relacionadas coas necesidades do centro) inexistente.

Pouca participación e interese, a nivel de equipo coordinado, nos temas relacionados coas TIC.

Porcentaxe importante de profesorado próximo a xubilación. ou en expectativa de destino.

Exceso de confianza nas propias competencias dixitais

Oportunidade - Contorna - O instituto consta con páxina web (Drupal), aula virtual (Moodle), galería de imaxes (Coppermine), portafolio dixital (Aguero) e sistemas de comunicación coas familias (Abalar).

No Milladoiro estanse a instalar empresas punteiras no sector informático que pòderían chegar a interactuar co centro

4.2.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Equipo de traballo formado	Non existe	Mínimo de 4 profesores	Mínimo de 3 profesores			

4.2.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.1: Explicación ao claustro e a CCP a importancia do proxecto dixital de centro.	31/10/2024	outubro
Responsables	Dirección	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.2: Motivar ao profesorado a colaborar no plan dixital de centro.	11/11/2024	outubro, novembro
Responsables	Dirección	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO1.3: Conceder unha hora semanal para os temas de seguimento, xestión e elaboración do plan dixital de centro.	29/11/2024	outubro, novembro
Responsables	Dirección e Inspección educativa	
Destinatario	Profesorado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Nº de horas semanais adicadas ao Plan Dixital dos membros do equipo	Non hai horas dispoñibles	1 hora semanal	

4.3. Datos do obxectivo 02PD

Código	Estado
02PD	Pendente

4.3.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Pouco recoñecemento do traballo realizado polo profesorado.

Alumnado moi diverso en canto a coñecementos e competencias dixitais.

Fortaleza - Alumnado - O alumnado actual naceu na era dixital, co que ten unha clara predisposición cara as tecnoloxías da información e a comunicación.

Oportunidade - ANPA - Disposta a colaborar co centro e aportar ideas

4.3.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de colaboracións	0	2 colaboracións	3 colaboracións			

4.3.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.1: Charlas impartidas polos corpos de seguridade (Policía, Garda civil) sobre ciberseguridade.	28/02/2025	xaneiro, decembro, febreiro
Responsables	Vicedirección	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO2.2: Charlas impartidas polos corpos de seguridade sobre o ciberacoso.	02/06/2025	marzo, xuño, maio, abril
Responsables	Vicedirección	
Destinatario	Alumnado	

4.4. Datos do obxectivo 03PD

Código	Estado
03PD	Pendente

4.4.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - A Consellería de educación non facilita os recursos hardware necesarios para aplicar o que pide con respecto as TIC.

Exceso de traballo para o profesorado debido a elevada ratio de alumnado, a burocratización en todos os aspectos da educación e a necesaria actualización da nosa competencia dixital docente.

Debilidade - Familias - Non todas as familias dispoñen de medios tecnolóxicos nin de coñecementos para utilizar os recursos TIC

Debilidade - Infraestruturas - Non ter acceso a wifi en todas as aulas para poder usar as tabletas dixitais.

Conexión a internet pouco fiable e/ou lenta.

Dispositivos tecnolóxicos insuficientes para todo o alumnado.

O son falla moitas veces e a calibración dos EDI é cada vez máis difícil debido a que co tempo vanse detriorando.

Fortaleza - Infraestruturas - Existencia de PC ou portátiles para uso do profesorado en todas as aulas e, en gran parte delas dispoñen tamén de EDI.

Centro novo, polo cal as instalacións deberían ser modernas.

Dúas aulas de informática.

Oportunidade - Administración educativa - Convocatoria edixgal e polos creativos.

4.4.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Canóns e computadores renovados	0	50 % dos equipos con mal funcionamento renovados	50 % dos equipos con mal funcionamento renovados	informáticos		

4.4.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.1: Realizar un inventario dos recursos TIC do centro para comprobar e asegurar o seu correcto funcionamento.	07/04/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, abril, febreiro
Responsables	Coordinador TIC / Dirección	
Destinatario	Alumnado e profesorado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Identificación dos recursos dixitais existentes no IES	Inexistente	Os recursos están inventariados	
Existencia de paneis dixitais no centro	Cero	50% das aulas	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO3.2: Solicitar a xunta paneis dixitais interactivos e multitáctiles posto que os proxectores e os EDI actuais están fallando. Renovación das antigas aulas de informática, xa que teñen máis de 10 anos.	30/05/2025	marzo, xuño, maio, abril
Responsables	Dirección	
Destinatario	Alumnado e profesorado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Identificación dos recursos dixitais existentes no IES	Inexistente	Os recursos están inventariados	
Existencia de paneis dixitais no centro	Cero	50% das aulas	

4.5. Datos do obxectivo 04PD

Código	Estado
04PD	Pendente

4.5.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Pouco recoñecemento do traballo realizado polo profesorado.

Alumnado moi diverso en canto a coñecementos e competencias dixitais.

Debilidade - Familias - Non todas as familias dispoñen de medios tecnolóxicos nin de coñecementos para utilizar os recursos TIC

Debilidade - Organización de centro - Inexistencia dunha estratexia dixital clara.

Presuposto extremadamente escaso para afrontar un plan dixital serio e real

Debilidade - Persoal docente - Plan de formación interno sobre as TIC (relacionadas coas necesidades do centro) inexistente.

Pouca participación e interese, a nivel de equipo coordinado, nos temas relacionados coas TIC.

Porcentaxe importante de profesorado próximo a xubilación. ou en expectativa de destino.

Exceso de confianza nas propias competencias dixitais

Debilidade - Persoal non docente - Persoal non estable

Fortaleza - Alumnado - O alumnado actual naceu na era dixital, co que ten unha clara predisposición cara as tecnoloxías da información e a comunicación.

Fortaleza - Persoal docente - Contar con profesorado que participou co alumnado en aprendizaxe cooperativo.

Profesorado consciente das súas limitacións dixitais e con ganas de aprender.

Gran parte do profesorado é consciente de que o ensino actual non pode dissociarse do mundo dixital.

Fortaleza - Persoal non docente - Persoal con coñecementos básicos/medios en TIC

Oportunidade - Administración educativa - Convocatoria edixgal e polos creativos.

Oportunidade - ANPA - Disposta a colaborar co centro e aportar ideas

4.5.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
As necesidades de formación foron as adecuadas O profesorado utiliza os recursos TIC propostos	0	Mellora na competencia dixital do profesorado: Alfabetización e creación audiovisual	Utilización dos recursos enviados para os Polos Creativos			

4.5.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO.4.1. Reunión inicial do claustro e do Equipo Directivo e o Coordinador TIC para a detección de necesidades en relación a competencia dixital docente.	14/10/2024	marzo, setembro, xuño, maio, abril
Responsables	Equipo directivo / Coordinador TIC e Coordinador do Plan dixital	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO4.2: Detectar necesidades de formación e inscrición liña de PFPP axeitada as necesidades do profesorado	21/10/2024	marzo, outubro, setembro, xuño, maio, abril
Responsables	Equipo directivo e Coordinador do Plan dixital	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO.4.3. Contacto co CAFI para buscar relatores que se adecúen ás necesidades detectadas.	18/11/2024	marzo, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril
Responsables	Coordinador do PFPP	
Destinatario	Profesorado e responsable do GT no CAFI	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO.4.4. Elaboración de documentación onde se especifique lugares, materiais e normas de uso, tanto dos espazos como dos materiais relacionados cos Polos Creativos	16/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado do grupo de traballo "Uso didáctico dos recursos do Polo Creativo"	
Destinatario	Profesorado e alumnado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Elaborase documentación sobre o uso das aulas e materias dos Polos Cretaios	Inexistente	Documentación creada	

4.6. Datos do obxectivo 05PD

Código	Estado
05PD	Pendente

4.6.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Infraestruturas - Non ter acceso a wifi en todas as aulas para poder usar as tabletas dixitais.
 Conexión a internet pouco fiable e/ou lenta.
 Dispositivos tecnolóxicos insuficientes para todo o alumnado.
 O son falla moitas veces e a calibración dos EDI é cada vez máis difícil debido a que co tempo vanse detriorando.
 Debilidade - Organización de centro - Inexistencia dunha estratexia dixital clara.
 Presuposto extremadamente escaso para afrontar un plan dixital serio e real
 Debilidade - Persoal docente - Plan de formación interno sobre as TIC (relacionadas coas necesidades do centro) inexistente.
 Pouca participación e interese, a nivel de equipo coordinado, nos temas relacionados coas TIC.
 Porcentaxe importante de profesorado próximo a xubilación. ou en expectativa de destino.
 Exceso de confianza nas propias competencias dixitais
 Debilidade - Persoal non docente - Persoal non estable
 Fortaleza - Persoal docente - Contar con profesorado que participou co alumnado en aprendizaxe cooperativo.
 Profesorado consciente das súas limitacións dixitais e con ganas de aprender.
 Gran parte do profesorado é consciente de que o ensino actual non pode dissociarse do mundo dixital.
 Fortaleza - Persoal non docente - Persoal con coñecementos básicos/medios en TIC

4.6.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Incremento da porcentaxe de uso da aula virtual por parte do profesorado e alumnado	30% do profesorado uso a AV a cotío	50% do profesorado uso a AV a cotío	70% do profesorado uso a AV a cotío	AV a cotío		

4.6.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.1: Informar ao claustro sobre a posibilidade da creación dos cursos na AV	22/10/2024	marzo, outubro, setembro, xuño, maio, abril
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Profesorado e alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.2: Creación de todos os cursos	23/10/2024	marzo, outubro, setembro, xuño, maio, abril
Responsables	Coordinador TIC	
Destinatario	Profesorado e alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.3: Elaboración dun protocolo para o uso responsable das aulas de informática	14/04/2025	xaneiro, decembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo do Plan Dixital de Centro	
Destinatario	Alumnado e profesorado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
O protocolo esta confeccionado	Inexistente	Confeccionado	
Utilización da Aula virtual	25% de cursos	75% das materias usan a Aula virtual	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.4: Utilización da aula virtual para a comunicación fluída co alumnado	02/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO5.5: Utilización da aula virtual para o seu uso como lugar de aloxamento de contidos, vídeos, actividades, ...	16/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
O protocolo esta confeccionado	Inexistente	Confeccionado	
Utilización da Aula virtual	25% de cursos	75% das materias usan a Aula virtual	

4.7. Datos do obxectivo 06PD

Código	Estado
06PD	Pendente

4.7.1. Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Administración educativa - A Consellería de educación non facilita os recursos hardware necesarios para aplicar o que pide con respecto as TIC.

Exceso de traballo para o profesorado debido a elevada ratio de alumnado, a burocratización en todos os aspectos da educación e a necesaria actualización da nosa competencia dixital docente.

Debilidade - Alumnado - Pouco recoñecemento do traballo realizado polo profesorado.

Alumnado moi diverso en canto a coñecementos e competencias dixitais.

Debilidade - Persoal docente - Plan de formación interno sobre as TIC (relacionadas coas necesidades do centro) inexistente.

Pouca participación e interese, a nivel de equipo coordinado, nos temas relacionados coas TIC.

Porcentaxe importante de profesorado próximo a xubilación. ou en expectativa de destino.

Exceso de confianza nas propias competencias dixitais

Debilidade - Persoal non docente - Persoal non estable

Fortaleza - Alumnado - O alumnado actual naceu na era dixital, co que ten unha clara predisposición cara as tecnoloxías da información e a comunicación.

Fortaleza - Persoal docente - Contar con profesorado que participou co alumnado en aprendizaxe cooperativo.

Profesorado consciente das súas limitacións dixitais e con ganas de aprender.

Gran parte do profesorado é consciente de que o ensino actual non pode dissociarse do mundo dixital.

Fortaleza - Persoal non docente - Persoal con coñecementos básicos/medios en TIC

4.7.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
N.º de departamentos/equipos participantes nun proxecto interdisciplinar anual.	0 departamentos/equipos participan nun proxecto interdisciplinar anual.	4 departamentos/equipos participan nun proxecto interdisciplinar anual.	5 departamentos/equipos participan nun proxecto interdisciplinar anual.	6 departamentos/equipos participan nun proxecto interdisciplinar anual.		

4.7.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO6.1: Renovación do Club de Ciencia	22/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Dirección do Centro	
Destinatario	Alumnado e profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
A06.2: Actualización do curso na aula virtual.	28/10/2024	setembro, novembro, outubro
Responsables	Persoa coordinadora do proxecto interdisciplinar	
Destinatario	Alumnado e profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO6.3: Utilización de tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información.	16/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado involucrado de cada Departamento.	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO6.4: Obtención de produtos finais.	16/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado involucrado de cada Departamento	
Destinatario	Alumnado	

4.8. Datos do obxectivo 07PD

Código	Estado
07PD	Pendente

4.8.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Pouco recoñecemento do traballo realizado polo profesorado.

Alumnado moi diverso en canto a coñecementos e competencias dixitais.

Debilidade - Familias - Non todas as familias dispoñen de medios tecnolóxicos nin de coñecementos para utilizar os recursos TIC

Debilidade - Organización de centro - Inexistencia dunha estratexia dixital clara.

Presuposto extremadamente escaso para afrontar un plan dixital serio e real

Debilidade - Persoal docente - Plan de formación interno sobre as TIC (relacionadas coas necesidades do centro) inexistente.

Pouca participación e interese, a nivel de equipo coordinado, nos temas relacionados coas TIC.

Porcentaxe importante de profesorado próximo a xubilación. ou en expectativa de destino.

Exceso de confianza nas propias competencias dixitais

Debilidade - Persoal non docente - Persoal non estable

Fortaleza - Alumnado - O alumnado actual naceu na era dixital, co que ten unha clara predisposición cara as tecnoloxías da información e a comunicación.

Fortaleza - Persoal docente - Contar con profesorado que participou co alumnado en aprendizaxe cooperativo.

Profesorado consciente das súas limitacións dixitais e con ganas de aprender.

Gran parte do profesorado é consciente de que o ensino actual non pode dissociarse do mundo dixital.

Fortaleza - Persoal non docente - Persoal con coñecementos básicos/medios en TIC

Oportunidade - ANPA - Disposta a colaborar co centro e aportar ideas

Oportunidade - Contorna - O instituto consta con páxina web (Drupal), aula virtual (Moodle), galería de imaxes

(Coppermine), portafolio dixital (Aguero) e sistemas de comunicación coas familias (Abalar).

No Milladoiro estanse a instalar empresas punteiras no sector informático que poderían chegar a interactuar co centro

4.8.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
N.º de cursos que utilizan as ferramentas de avaliación dixital	Cursos creados no 2022/23	30 % dos cursos utilizan as ferramentas de avaliación dixital	25%			

4.8.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO7.1: Formación en xestión de avaliación e emprego do libro de cualificacións na aula virtual	10/02/2025	febreiro, decembro, novembro, outubro, setembro
Responsables	Equipo directivo e Equipo do Plan Dixital de Centro	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO7.2: Utilización do libro de cualificacións na aula virtual para un correcto seguimentos por parte do alumnado matriculado	09/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
O profesorado elabora o libro de cualificacións no seu curso da Aula virtual	1% do profesorado	25% do profesorado	
O profesorado crea cuestionarios e/ou probas na súa aula virtual	20%	50%	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO7.3: Utilización de cuestionarios e outros recursos de avaliación na aula virtual	17/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
O profesorado elabora o libro de cualificacións no seu curso da Aula virtual	1% do profesorado	25% do profesorado	
O profesorado crea cuestionarios e/ou probas na súa aula virtual	20%	50%	

4.9. Datos do obxectivo 08PD

Código	Estado
08PD	Pendente

4.9.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Pouco recoñecemento do traballo realizado polo profesorado.

Alumnado moi diverso en canto a coñecementos e competencias dixitais.

Debilidade - Familias - Non todas as familias dispoñen de medios tecnolóxicos nin de coñecementos para utilizar os recursos TIC

Debilidade - Organización de centro - Inexistencia dunha estratexia dixital clara.

Presuposto extremadamente escaso para afrontar un plan dixital serio e real

Debilidade - Persoal docente - Plan de formación interno sobre as TIC (relacionadas coas necesidades do centro) inexistente.

Pouca participación e interese, a nivel de equipo coordinado, nos temas relacionados coas TIC.

Porcentaxe importante de profesorado próximo a xubilación. ou en expectativa de destino.

Exceso de confianza nas propias competencias dixitais

Debilidade - Persoal non docente - Persoal non estable

Fortaleza - Alumnado - O alumnado actual naceu na era dixital, co que ten unha clara predisposición cara as tecnoloxías da información e a comunicación.

Fortaleza - Persoal docente - Contar con profesorado que participou co alumnado en aprendizaxe cooperativo.

Profesorado consciente das súas limitacións dixitais e con ganas de aprender.

Gran parte do profesorado é consciente de que o ensino actual non pode dissociarse do mundo dixital.

Fortaleza - Persoal non docente - Persoal con coñecementos básicos/medios en TIC

Oportunidade - ANPA - Disposta a colaborar co centro e aportar ideas

Oportunidade - Contorna - O instituto consta con páxina web (Drupal), aula virtual (Moodle), galería de imaxes (Coppermine), portafolio dixital (Aguero) e sistemas de comunicación coas familias (Abalar).

No Milladoiro estanse a instalar empresas punteiras no sector informático que poderían chegar a interactuar co centro

4.9.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Desenvolvemento das sesións en hora de titoría ou en Tecnoloxía	0	Todo o alumnado de 1º da ESO coñece o funcionamento xeral da aula virtual				
Unidade didáctica entregada a Orientación	Non existe	Unidade integrada no Plan titorial				

4.9.3. Acci3ns

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO8.1: Informar aos tiores de primeiro da ESO da necesidade de formar ao novo alumnado a utilizaci3n e funcionamento xeral da aula virtual do centro	30/10/2024	setembro, outubro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Profesorado	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO8.2: Mostrar, en horas de titoria ou na materia de Tecnoloxia e Dixitalizaci3n, ao alumnado de 1º da ESO o uso e funcionamento xeral da aula virtual do centro	25/11/2024	outubro, decembro, novembro
Responsables	Tiores e titoras de 1º ESO e Profesorado de Tecnoloxia	
Destinatario	Alumnado	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
AO8.3: Elaboraci3n dunha unidade did3ctica relacionada coa configuraci3n da privacidade e a seguridade na rede.	02/06/2025	xaneiro, decembro, novembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo do Plan Dixital de Centro	
Destinatario	Alumnado	

Indicador de acci3n	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Unidade did3ctica creada	Inexistente	Elaborada	
Que o material elaborado entre dentro do Plan de Acci3n Titorial	Inexistente	Entregado ao departamento de Orientaci3n	

Acci3n	Data m3xima	Temporalizaci3n
A8O.4: Integraci3n do material elaborado no Plan de acci3n titorial	16/06/2025	xaneiro, decembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo de coordinaci3n do Plan dixital, Orientaci3n e Tiores	
Destinatario	Alumnado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Unidade didáctica creada	Inexistente	Elaborada	
Que o material elaborado entre dentro do Plan de Acción Titorial	Inexistente	Entregado ao departamento de Orientación	

4.10. Datos do obxectivo 09PD

Código	Estado
09PD	Pendente

4.10.1. Elementos DAFO relacionados

Debilidade - Alumnado - Pouco recoñecemento do traballo realizado polo profesorado.

Alumnado moi diverso en canto a coñecementos e competencias dixitais.

Debilidade - Familias - Non todas as familias dispoñen de medios tecnolóxicos nin de coñecementos para utilizar os recursos TIC

Debilidade - Organización de centro - Inexistencia dunha estratexia dixital clara.

Presuposto extremadamente escaso para afrontar un plan dixital serio e real

Debilidade - Persoal docente - Plan de formación interno sobre as TIC (relacionadas coas necesidades do centro) inexistente.

Pouca participación e interese, a nivel de equipo coordinado, nos temas relacionados coas TIC.

Porcentaxe importante de profesorado próximo a xubilación. ou en expectativa de destino.

Exceso de confianza nas propias competencias dixitais

Debilidade - Persoal non docente - Persoal non estable

Fortaleza - Alumnado - O alumnado actual naceu na era dixital, co que ten unha clara predisposición cara as tecnoloxías da información e a comunicación.

Fortaleza - Organización de centro - Conexión a internet por cable en todas as aulas.

Fortaleza - Persoal docente - Contar con profesorado que participou co alumnado en aprendizaxe cooperativo.

Profesorado consciente das súas limitacións dixitais e con ganas de aprender.

Gran parte do profesorado é consciente de que o ensino actual non pode dissociarse do mundo dixital.

Fortaleza - Persoal non docente - Persoal con coñecementos básicos/medios en TIC

Oportunidade - ANPA - Disposta a colaborar co centro e aportar ideas

Oportunidade - Contorna - O instituto consta con páxina web (Drupal), aula virtual (Moodle), galería de imaxes

(Coppermine), portafolio dixital (Aqueiro) e sistemas de comunicación coas familias (Abalar).

No Milladoiro estanse a instalar empresas punteiras no sector informático que poderían chegar a interactuar co centro

4.10.2. Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Número de actividades vinculadas ao uso responsable das TIC	0	Realización de 3 actividades vinculadas ao uso responsable das TIC				

4.10.3. Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
AO9.1: Informar aos titores da realización, en períodos de titoría e de actividades complementarias e extraescolares de actividades vinculadas ao uso responsable das TIC	11/11/2024	setembro, outubro
Responsables	Dirección	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO9.2: Realización dunha actividade de uso responsable das RRSS	17/02/2025	setembro, decembro, novembro, outubro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO9.3: Realización de actividades de verificación e veracidade da información na rede	24/03/2025	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
AO9.4. Realización de actividades relacionadas ca seguridade informática na rede	17/06/2025	abril, xuño, maio
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

5. Seguimento

5.1. Procedemento para o seguimento

En cada trimestre e, unha vez reunido o equipo do Plan Dixital de Centro, valoraranse os obxectivos conseguidos ata o momento e analizaranse o porque de aqueles que non se conseguiron.

5.2. Primeiro trimestre

5.3. Segundo trimestre

5.4. Terceiro trimestre

6. Avaliación

6.1. Procedemento para a avaliación

A avaliación basearase na consecución ou non dos obxectivos propostos este ano:

1 Establecemento dun equipo de traballo para a elaboración, xestión e seguimento do plan dixital de centro.

- 2 Colaboración con entidades externas ao centro sobre as TIC.
- 3 Actualización dos recursos TIC do centro.
- 4 Establecemento dun plan de traballo e formación colaborativo relacionado cos Polos creativos.
- 5 Potenciación do uso das ferramentas corporativas para a práctica docente.
- 6 Creación alo menos, dun proxecto interdisciplinar: Club de Ciencia.
- 7 Utilización de ferramentas de avaliación dixital por parte do profesorado.
- 8 Iniciación do alumnado de 1º ESO no uso e funcionamento xeral da Aula Virtualñ do centro.
- 9 Realización en períodos de titoría de actividades complementarias e/ou extraescolares vinculadas ao uso responsable das TIC.

6.2. Valoración xeral

6.3. Propostas de mellora

7. Comunicación e difusión

7.1. Procedemento para a comunicación e a difusión

A comunicación e difusión faráse a través da web do centro e o correo corporativo. Tamén se pode acceder desde o buscador de plans da Consellería de educación en Educalidade

<https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=15032807#>

8. Outros datos

9. Anexos

Descrición	Arquivo
Plan dixital do IES do Milladoiro	Plan Dixital do IES do Milladoiro.pdf
Sefie ESO	SELFIE-report-ESO.pdf
Selfie Bacharelato	SELFIE-report-bach.pdf